

NORMAS DE USO DA PISTA DE PÁDEL CONCELLO DE CALDAS DE REIS

1.- SOLICITUDES

- Pode utilizar a pista calquera persoa, empadroada ou non no Concello de Caldas de Reis.
- No caso de ser utilizada por menores de idade deberá ser un adulto responsable o que suscriba a instancia.
- No caso de menores de 14 anos, éstos deberán estar acompañados polo adulto solicitante durante a utilización da pista.
- A solicitude poderá realizarse nas Oficinas Xerais do Concello de Caldas no modelo facilitado ao efecto, en horario de atención ao público: de luns a venres, de 09,00 a 14,00 horas. Excepto o período do 15 de xuño ao 15 de setembro que será de 08,30 a 13,30 horas.
- A solicitude só terá efecto a partir do momento da taxa do pago correspondente.

2.- EQUIPAMENTO

- Para a utilización da pista de pádel deberase ir provisto do equipo e calzado deportivo adecuados á práctica do pádel, así como de todo o material que considere necesario.
- O Concello non se fará responsable do equipamento e obxectos persoais que poidan quedar esquecidos durante o uso da instalación.

3.- RESPONSABILIDADE DO USUARIO

- O Concello de Caldas de Reis declina toda responsabilidade das lesións e enfermidades que se poidan orixinar derivadas da práctica deportiva.

4.- RESERVA DE PISTAS

- Os turnos de reserva da pista serán de hora e media diaria, sen posibilidade de prórroga, en horario de 09,00 a 24,00.
- O usuario deberá recoller as chaves no lugar indicado previamente polo Concello. No momento da recollida deberá depositar o seu DNI e presentar copia da solicitude de reserva debidamente dilixenciada polo Concello.
- Unha vez concluído o tempo de reserva, os usuarios deberán abandonar a pista, pechando a porta de acceso e devolvendo as chaves no lugar indicado previamente polo Concello, onde se lle devolverá o DNI.

5.- CONDICIÓN DE USO

- O solicitante será o responsable do coidado da instalación durante o uso da mesma, facéndose cargo dos desperfectos ocasionados.
- Antes de entrar na pista os xogadores deberán eliminar os restos de terra que puideran levar nas zapatillas, deixando a pista libre de ningún residuo ou obxecto.
- Non se permite fumar nin consumir bebidas alcólicas dentro da pista; así mesmo non se poderá entrar ao recinto con envases de vidro.
- O Concello poderá desenvolver actividades na pista, tales como torneos, competicións, cursos, etc, programadas dende a Concellería ou outras entidades deportivas, polo que o sistema de reservas quedaría anulado ou modificado ata a conclusión de ditas actividades.
- En caso de choiva que impida realizar a actividade na pista, poderase cambiar a hora de reserva previo aviso no Concello.
- O Concello de Caldas resérvase a posibilidade de realizar modificacións nestas normas, para un mellor uso e disfrute da instalación.

6.- PREZOS

- As taxas correspondentes para o uso da pista establécense do seguinte xeito:

.- Aluguer pista (hora e media).....	10 €
.- Aluguer competicións (día)	60 €
.- Aluguer competicións (medio día).....	30 €